



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DAS INSTALACIÓNS DA VIVENDA COMUNITARIA DO CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

DECLARA:

Que este Consorcio ten previsto formalizar co Concello de Castrelo de Miño o instrumento convencional arriba referido por un período que abrangue desde a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Castrelo de Miño para o financiamento de obras de mellora das instalacións da Vivenda Comunitaria do Concello de Castrelo de Miño, co fin de posibilitar unha mellor atención ás persoas usuarias desta.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Concello de Castrelo de Miño adherido ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio do convenio asinado o 21.11.2008, e é titular dunha Vivenda Comunitaria, situada no núcleo de Vide do referido concello, que ten cabida para 12 usuarios e que iniciou a súa actividade no ano 2012.

Co fin de emendar diversas deficiencias detectadas nas instalacións da Vivenda





Comunitaria deste concello, resulta necesario levar a cabo as obras necesarias para emendar as deficiencias detectadas e que cómpre corrixir, tales como humidades, sistema de chamada de emerxencia e varios elementos nos baños. Asemade, é necesario completar o peche do recinto, mellorar o sistema de iluminación mediante sistema LED e renovar o mobiliario en mal estado.

Tendo en conta que o concello non dispón de recursos propios suficientes para levar a cabo a referida actuación, ao atoparse nunha situación económica precaria, cómpre desenvolver a colaboración interadministrativa necesaria para o financiamento das obras descritas no devandito inmovible, o que permitirá ao Concello de Castrelo de Miño mellorar as condicións nas que se presta o servizo no devandito centro, proporcionando así unha mellor atención ás persoas usuarias deste, ofrecéndolles unha alternativa de convivencia que mantén ás persoas maiores no seu propio entorno, cun estilo de vida o máis semellante ao se ambiente habitual, interaccionando co resto das persoas usuarias, minimizando así a soidade non desexada e promovendo actividades que favorezan a loita contra o edadismo.

Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento das actuacións descritas, considerando o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que a necesidade destas actuacións e o interese común de emendar as deficiencias detectadas na Vivenda Comunitaria do Concello de Castrelo de Miño, posibilitando unha mellor atención ás persoas usuarias desta, xustifica a utilización do instrumento convencional para o financiamento das actuacións descritas, baseándose no disposto nos artigos 19.4 e 26º.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que as actuacións obxecto de financiamento do convenio sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024. Neste sentido, a extensión da posibilidade de financiamento ao abeiro do convenio das actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024 considérase axeitada e





fundamentada legalmente, segundo o disposto no artigo 39 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece *"excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados, así como cando produzan efectos favorables para o interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas"*.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar achegará ao Concello de Castrelo de Miño para a realización das actuacións descritas un importe máximo de 29.956,75 euros, con cargo á partida 11.90.311A.760.00 dos orzamentos do Consorcio para o ano 2024.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

